

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE PIANO APLICADO III-IV
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA : PIANO APLICADO III-IV										
ESPECIALIDADE:	COMPOSICIÓN					ITINERARIOS:		COMPOSICIÓN		
CARÁCTER:	OBRIGATORIA					TIPO DE CLASE:		INDIVIDUAL		
DEPARTAMENTO:	IMPROVISACIÓN E ACOMPAÑAMENTO					XEFA DE DPTO.:		MATILDE RUBIO MUR		
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:		A DETERMINAR		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1 h.
ECTS/CUAD.	3	3							Observacións:	-
DOCENTES:	NOME E APELIDOS					CORREO		TITORÍA		
	PABLO SABIO LADRA					pablosl@edu.xunta.gal				

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
<p>DESCRITOR: Desenvolvemento dos principios básicos da técnica pianística, da capacidade de lectura á primeira vista e transposición, da improvisación e da comprensión dos elementos e procedementos construtivos (estruturas harmónicas, procesos formais, etc.). Traballo dun repertorio de diferentes estilos.</p>	
<p>COÑECEMENTOS PREVIOS: Os tratados no grao profesional en Piano Complementario</p>	
<p>RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: O estudo do Piano Aplicado debe verse como unha disciplina que globaliza e une distintas disciplinas como son Análise, Formación e adestramento auditivo e vocal, Composición, Redución de partituras, Improvisación e acompañamento e Composición aplicada. A disciplina está deseñada para que sexa unha ferramenta para o docente e compositor. Creada con un carácter eminentemente práctico e funcional para o futuro músico, introducíndolle na audición e práctica polifónica, así como na análise e no desenvolvemento de estruturas harmónicas. As diferentes disciplinas reúnen certas características comúns, cuxo coñecemento e práctica son esenciais para a formación dun músico, e o Piano Aplicado ten a virtude de facer este percorrido transversal ao longo delas.</p>	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X4, X6, X8, X10, X13, X17, X21, X22, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EP2, EP3, EP5, EC1, EC9
<p>Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro</p>	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Desenvolver unha técnica pianística básica para conseguir unha relaxación fisiolóxica e mental que permita a comprensión e realización das ideas musicais no teclado, empregando as posibilidades sonoras do instrumento.	TODAS
Alcanzar progresivamente rapidez de reflexos na lectura a primeira vista, o transporte e a redución/simplificación de partituras, a través da aplicación do análise.	T3, T13, X1, X2, X3, X4, X6, X8, X13, X17, X21, X24, EP3, EC1, EC9
Estudar estruturas harmónicas básicas frecuentemente utilizadas.	T3, T13, X1, X4, X13, X17, EP2, EP3, EC1
Analizar harmonicamente partituras sabendo extraer delas os elementos básicos e establecer solucións paralelas ás do autor.	T3, T13, X1, X2, X4, X8, X13, X17, X21, X22, X24, EP3, EC1, EC9
Inventar motivos melódicos desenvolvidos de acordo cos procesos de pregunta-resposta e adaptación por transporte e enlace de estruturas harmónicas básicas.	T3, T13, X2, X22, EP2, EP3,
Desenvolver a creatividade rítmica, melódica e harmónica. Improvisando o teclado por medio de estruturas harmónicas cada vez mais desenvolvidas, e aplicando todos os coñecementos estudados.	T3, T6, T13, X1, X2, X4, X13, X21, X22, EC1, EC9
Saber realizar distintos tipos de acompañamentos desenvolvendo unha estrutura harmónica dentro dun discurso musical, aplicando todos os medios técnicos aprendidos, do xeito mais evolucionado posible e co estilo que se traballe.	T3, T6, T13, X1, X2, X4, X13, X21, X22, EP2, EP3, EP5, EC1, EC9

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Desenvolvemento técnico.	1.1 Funcionamento e mecanismo xeral, escape, pedais. 1.2 Acústica e sonoridade. 1.3 Aspectos posturais e relaxación. 1.4 Técnica dixital e braquial. 1.5 Paso do polgar. Escalas e arpexios. 1.6 Notas dobres, técnica polifónica básica. 1.7 Articulación. Dinámica. Tipos e ataques relacionados. 1.8 Dixitación. Musical e fisiolóxica. 1.9 Pedalización.	2
2. Análise.	2.1 Análise formal. 2.2 Análise harmónico. 2.3 Análise melódico.	2
3. Interpretación.	3.1 Os estilos na literatura pianística. 3.2 A memoria na interpretación pianística.	2
4. Lectura a primeira vista e transposición.	4.1 A lectura a primeira vista. 4.2 O transporte. 4.3 A redución/simplificación de partituras.	2
5. Área creativa: Harmónica. Melódica. Acompañamento.	5.1 Harmónica. 5.1.1 Enlaces de acordes. 5.1.2 Estructuras harmónicas Tonalidades maiores e menores ata mínimo 3 alteracións, graos I-II-III-IV-V-V7-VI-VII- V do V. 5.1.3 Cadencias: perfecta, plagal e semicadencia. 5.2 Melódica. 5.2.1 Creación de melodías (Desenrolo de motivos e adaptación ás diferentes estruturas harmónicas por enlace ou transporte). 5.2.2 Célula, motivo, semifrase, frase. 5.2.3 Emprego de notas reais e estranas ao acorde. 5.3 Acompañamento. 5.3.1 Harmonización de melodías clásicas, populares ou de música lixeira (melodía acompañada). 5.3.2 Acompañamentos básicos con patróns rítmicos. 5.3.3 Acompañamento a dúas mans interpretando con man esquerda a fundamental e na man dereita acordes en diferentes posición con patróns rítmicos de dificultade crecente. 5.3.4 Melodía na man dereita e acordes na esquerda.	6
6. Repaso dos contidos tratados	6.1 Repaso, afianzamento e cuestións que poidan xurdir sobre os contidos traballados.	2
TOTAL SESIÓNS:		16 ¹

5. METODOLOXÍA, ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN		
ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Práctica de aula: Traballo pormenorizado e desenvolvemento paralelo e uniforme dos temas 1 a 5 da disciplina, en clases individuais e con apoio do docente a nivel expositivo e interpretativo.	Presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Práctica individual: Adestramento persoal do alumnado de todas as ferramentas achegadas polo docente na aula.	Non presencial	Permanente durante o cuadrimestre

¹ Ler o punto 9. Observacións, desta programación

6. AVALIACIÓN

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuatrimestre, ordinaria e extraordinaria. No caso de perda da avaliación continua o alumno/a deberá acollerse ao disposto no apartado de avaliación alternativa da programación docente. Avaliación continua da asistencia ás clases e aproveitamento das mesmas ata o 13 de marzo (período docencia presencial) Valorarase a actitude, adicación, atención e participación. No seguimento diario valorarase as destrezas acadadas, o nivel de comprensión, a musicalidade etc.

Clases e ou traballos realizados no período de confinamento (posterior ao 13 de marzo) - Asistir ás clases programadas e/ou entrega de traballos propostos polo profesor.

-Ser quen de traballar de forma autónoma así como de organizar o traballo individual de forma eficiente.

-Ser quen de xestionar adecuadamente a información recibida, analízala e sintetízala.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Asistencia e rendemento na clase.	Amosar na aula unha boa predisposición e unha capacidade de aprendizaxe progresiva como resultado da optimización do rendemento da práctica individual.	TODAS	100%
Traballos feitos vía telemática, que serán decididos por cada profesor da materia, e que poderán incluír o envío de gravacións interpretando, ao piano 2 obras de diferentes estilos e dificultade adecuada, aplicando os medios técnicos e sonoros necesarios para a súa resolución (se o alumno contara cun piano), ou ben a realización de traballos diversos, relacionados cos diferentes aspectos da materia	Manter unha posición correcta de toda a anatomía implicada na execución, favorecendo a calidade sonora e ligando os aspectos técnicos e musicais. (Obxectivo 1). A calidade da redacción, exposición e desenrolo de ideas nos traballos que decida o profesor e relacionados cos contidos da materia	TODAS	Ata un 50% sobre a nota do período de clases do primeiro cuatrimestre
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA con máis de 3 faltas)			
OPCIÓN 1) Enviar un vídeo interpretando ao piano 2 obras de diferentes estilos e dificultade adecuada, aplicando os medios técnicos e sonoros necesarios para a súa resolución, no caso de que o alumno dispoña de piano na casa	Manter unha posición correcta de toda a anatomía implicada na execución, favorecendo a calidade sonora e ligando os aspectos técnicos e musicais. (Obxectivo 1).	TODAS	100%
OPCIÓN 2) Enviar un traballo ou varios traballos escritos de acordo ao que propoña o profesor, e relacionados cos contidos da materia.	A calidade da redacción, exposición e desenrolo de ideas nos traballos que decida o profesor e relacionados cos contidos da materia	T3, T6, T13, X1, X2, X4, X13, X21, X22, EP2, EP3, EP5, EC1, EC9	100%

6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

<p>OPCIÓN 1) Enviar un vídeo interpretando ao piano 2 obras de diferentes estilos e dificultade adecuada, aplicando os medios técnicos e sonoros necesarios para a súa resolución, no caso de que o alumno teña piano no casa</p>	<p>Manter unha posición correcta de toda a anatomía implicada na execución, favorecendo a calidade sonora e ligando os aspectos técnicos e musicais. (Obxectivo 1).</p>	
<p>OPCIÓN 2) Enviar un traballo ou varios traballos escritos de acordo ao que propoña o profesor, e relacionados cos contidos da materia.</p>	<p>Amosar autonomía e solvencia na lectura a primeira vista de fragmentos e obras (Obxectivos 2, 3 e 4).</p>	
<p>Matrícula de honra: O alumnado que obteña como mínimo un 9 de nota final na avaliación ordinaria, poderá optar a Matrícula de Honra. O criterio para a obtención da matrícula correrá a cargo do profesorado. Se o número de alumnado presentado para Matrícula de Honra supera o de Matrículas permitidas (1 Matrícula de Honra por cada 20 alumnos), realizarase unha proba específica.</p>		

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Como medida ordinaria de atención á diversidade, o profesorado pode adaptar os materiais empregados para traballar os contidos dentro da aula e mesmo a secuenciación de contidos, acelerándoa ou ralentizándoa puntualmente para adaptala ó ritmo de aprendizaxe do alumnado. Considérase medida ordinaria posto que a fin de curso se terían impartido todos os contidos contemplados dentro do tempo contemplado na programación.</p> <p>Por outra banda, e como medida extraordinaria, poderían adaptarse os contidos, previo informe do equipo de orientación específico da consellería, respectando sempre o esencial dos obxectivos fixados para cada curso.</p>	<p>No caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e para garantir os devanditos principios de igualdade de oportunidades, de non discriminación e de compensación de desvantaxes, as probas de avaliación ás que este alumnado se presente ó longo do curso serán adaptadas en tempo e forma, sempre e cando esta necesidade estea recoñecida oficialmente e seguindo as especificacións marcadas polo equipo de orientación específico da consellería en cada caso.</p>

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

A. Manuais de consulta

- Apellániz Segura, E.; González Sarmiento, F. J.; Molina, Emilio (2006). Piano complementario 2. Madrid: Enclave Creativa Ediciones S.L.
- Apellániz Segura, E.; González Sarmiento, F. J.; Molina, Emilio (2007). Piano complementario 1. Madrid: Enclave Creativa Ediciones S.L.
- Bach, J. S. por García Vázquez, J.R. (2010) *22 pequenos preludios. Análisis y metodología de trabajo*. Madrid: Enclave Creativa
- Bach, J. S. por García Vázquez, J.R. (2008) *15 invenciones a dos voces. Análisis y metodología de trabajo*. Madrid: Enclave Creativa.
- Burgmüller por Molina, E.; Molina, C. (2006). *25 estudos fáciles para piano. Op 100. Análisis y metodología de trabajo*. Madrid: Enclave Creativa
- Molina, E. (1990). *Improvisación al piano. Volúmen 1. Ejercicios fundamentales*. Madrid: Real Musical (reeditado por Enclave Creativa).
- Molina, E. (1994). *Improvisación al piano. Volúmen 2. Desarrollo de estruturas armónicas*. Madrid: Real Musical. (reeditado por Enclave Creativa).
- Molina, E. (1994). *Improvisación al piano. Volúmen 3. Estructures melódicas*. Madrid: Real Musical. (reeditado por Enclave Creativa).
- Molina, E; Cisneros, J; Doña, I; Rodriguez, J.(2007). *Improvisación y acompañamiento. Voumen 1*. Madrid: Enclave Creativa Ediciones S.L
- Molina, E.: (2007) *Piano complementario, 3*. Madrid: Enclave Creativa Ediciones S.L.
- Molina, E.: (2007) *Piano complementario, 4*. Madrid: Enclave Creativa Ediciones S.L.

B. Partituras orientativas

- **Estudos:** Czerny op.299, op. 77 y op.337, op. 365; Jensen op.32, Burgmüller (op. 100,105 e 109), Lemoine op. 37, Cramer, Beyer op.101, Heller (op. 45), Bertini op.29. Op. 32 e op. 100; Diabelli: Estudos melódicos fáciles op. 149.
- **Barroco:** J. S. Bach: álbum de Ana Magdalena Bach, Invencions e sinfonías, Pequenos preludios e fugas, algunha danza de Suites ou Partitas; Scarlatti: sonatas.
- **Clasicismo:** Sonatinas de Clementi, Dussek, Kuhlau, Diabelli, Beethoven, Mozart (Seis sonatinas vienesas, 12 Valses), Haydn: Seis sonatinas Opus 36; algún movemento de Sonatas de Mozart (exemplo: Sonata Fácil), ou de Sonatas de Haydn.
- **Romanticismo:** Álbum Da mocidade, Escenas de nenos e Escenas do bosque de Schumann, Pezas líricas de Grieg, Tchaikovsky: Álbum e a mocidade, As estacións 12 pezas para piano op. 40, Romanzas sen palabras de Mendelssohn, Valses de Brahms, Reger: Recordos de mocidade.
- **Século XX:** Bartok: For children e Mikrokosmos; Casella: 11 Pezas infantís; Debussy: Children's corner e Reverie; Kabalevsky: pezas infantís op. 39 e op. 51, Sonatina op. 13, 4 pequenas pezas op. 14; Kodaly: danzas e pequenas pezas; Kachaturian: Pezas para nenos, Estampas de nenos; Prokofiev: 12 Pezas infantís op. 65 e outras pezas breves; Satie: Gymnopedies, Gnossiennes e outras pezas curtas; Smetana: Pezas fáciles; Shostakovich: 6 Pezas infantís; Stravinsky: Valses para nenos e 3 Pezas fáciles.
- **Obras españolas:** Danzas españolas de Granados; Follas de álbum e 6 pequenos valsos de Albéniz; A. G. Abril: Preludios de Mirambel.
- **Obras a 4 mans:** Sonatinas de Diabelli; Sonatas de Mozart; Sonatas de C. Ph. E. Bach; A miña nai a oca de Ravel; Danzas húngaras de Brahms; M. Camp Basic Jazz vol. 2; 15 pequenas danzas para piano a 4 mans de Beethoven; Pezas fáciles para piano a 4 mans de distintos autores prebarrocos, barrocos e clásicos arranxadas por Leopold J. Beer; The Joy Piano Duets (melodías clásicas arranxadas para piano a 4 mans), French piano Duets (Debussy, Ravel, Satie), Reduccions de Suites de Bach a 4 mans.

9. OBSERVACIÓNS

O tipo de contidos desta materia fai imposible na maioría dos casos a organización deles en sesións illadas e perfectamente delimitadas. A materia, eminentemente práctica, é de carácter tanto acumulativo como continuado e depende en gran medida da particularidade de cada alumno, pois hai grandes diferenzas en canto a velocidade de aprendizaxe e asimilación dos contidos. **Unha vez estudados éstos repítense unha e outra vez ao longo de todo o cuadrimestre, non quedando relegados só á sesión onde se introduciu.**

O repertorio por curso incluírá as pezas ou fragmentos de diferentes estilos necesarios para traballar os contidos propostos.

Dado que o número de semanas non coincide co número de sesións adaptárase cada curso segundo número e colocación dos festivos e as diversas actividades do centro modificando se fora necesario no propio curso o número de sesión asignadas a cada tema.